



A lingua e a literatura galega na Idade Media

COMUNICACIÓN

1º FP_Básica

IES Ricardo Mella

Curso 2024 / 2025

Índice


1. Contexto histórico
2. A lingua galega na Idade Media
3. A lírica medieval galego-portuguesa
4. As cantigas de amigo
5. As cantigas de amor
6. As cantigas de escarnio e maldicir
7. As cantigas de Santa María



1. Contexto histórico

1.1. A sociedade medieval


A sociedade medieval presentaba unha estrutura ríxida e desigualitaria, dividida en **estamentos pechados**. Os **estamentos privilexiados**, nobreza e clero, detentaban todo o poder e todos os bens, fronte ao campesiñado e á burguesía (**estamentos non privilexiados**).



1. Contexto histórico

1.1. A sociedade medieval

Estamentos
privilexiados



Estamentos non
privilexiados



1. Contexto histórico

1.1. A sociedade medieval




O campesiñado estaba obrigado a pagarlle o foro á nobreza e ao clero por cultivar as súas terras. Estes foros permitíanlle aos señores vivir na opulencia.

1. Contexto histórico

1.2. A Era Compostelá (séculos XII e XIII)

Ao longo dos séculos XII e XIII, Galicia vive a Era Compostelá, que foi unha **etapa de gran desenvolvemento** na que se produciron importantes melloras:

- Foi unha etapa de **paz** e de **estabilidade política**
- Producíronse melloras na agricultura
- Medraron as vilas e as cidades
- Mellorou a economía
- Aumentou a poboación



1. Contexto histórico

1.2. A Era Compostelá (séculos XII e XIII)

Esta etapa de esplendor para Galicia recibe o nome de Era Compostelá pola relevancia que tiña neste momento a **cidade de Santiago de Compostela**, convertida nun importante **centro de peregrinación** que unía Galicia con Europa.



1. Contexto histórico



Estamos, polo tanto, nunha época de paz que lle deixaba moito tempo libre á nobreza. Así pois, non é raro que neste momento apareza a lírica trobadoresca e que os nobres ocupen parte do seu tempo compoñendo cantigas de extraordinario valor artístico e cultural.

Eran bos tempos para a lírica.

2. A lingua galega na Idade Media

2.1. O galego-portugués


- Durante toda a Idade Media, **o galego e o portugués eran unha mesma lingua**, filla do latín vulgar que os romanos trouxeran á Gallaecia no século I a.C.
- No século XII, o condado de Portugal sepárase de Galicia e constitúe un novo reino independente. Mentres tanto, Galicia intégrase na Coroa de Castela.
- A separación política de Galicia e Portugal fará que as diferenzas entre o galego e o portugués vaian aumentando. Con todo, ao longo da Idade Media o galego e o portugués son, como dixemos, a mesma lingua.



2. A lingua galega na Idade Media

2.1. O galego = lingua normalizada e lingua de prestixio

- Ao longo da Idade Media, o galego (ou galego-portugués) era unha **lingua normalizada e de prestixio**, empregada en todos os ámbitos, formais e informais, por todos os estamentos sociais, desde o campesiñado ata a nobreza.



2. A lingua galega na Idade Media

2.1. O galego = lingua normalizada e lingua de prestixio

- Ademais, a partir do século XII comézase a escribir en galego todo tipo de textos: administrativos, históricos, didácticos... e tamén literarios.
- Tendo en conta o prestixio do galego-portugués nesta etapa, non resulta raro que os nobres compuxesen nesta lingua as súas cantigas.



*Mesmo o rei Afonso X O Sabio compuxo as
súas propias cantigas en galego*

3. A lírica medieval galego-portuguesa


Chamámoslle lírica medieval galego-portuguesa a un conxunto de composicións poéticas (arredor de 2000), denominadas **cantigas**, escritas en lingua galego-portuguesa durante o **século XIII e a primeira parte do XIV**.



3. A lírica medieval galego-portuguesa

3.1. ORIXES - A lírica provenzal

- A lírica medieval galego-portuguesa forma parte dun movemento maior: a **lírica trobadoresca**, que xurdiu na **Provenza (sur de Francia)** ao longo do século XI.
- Nas cortes provenzais puxéronse de moda as composicións dos trovadores e, a partir de aí, esa moda trobadoresca expándese por diferentes territorios de Europa (norte de Francia, Italia, Cataluña e Aragón...).
- Ao noso territorio esta moda chegou a través do Camiño de Santiago.




*Expansión da lírica trobadoresca provenzal -
As diferentes escolas de trovadores de Europa*

3. A lírica medieval galego-portuguesa

3.2. As cantigas, música e poesía. Autores e intérpretes

- As cantigas (xa o propio nome nolo di) non eran poemas para ser lidos / recitados (coma os de hoxe en día), senón para seren cantados, interpretados con música. Formaban parte dun espectáculo musical pensado para entreter a nobreza e o rei.



A interpretación das cantigas estaba acompañada con diversos instrumentos musicais e incluso con bailes.

3. A lírica medieval galego-portuguesa

3.2. As cantigas, música e poesía. Autores e intérpretes

Na composición e interpretación das cantigas participan diversas figuras entre as que destacamos o trovador e o xograr:

TROBADOR	XOGRAR
Orixe nobre	Orixe humilde
Poeta e compositor das cantigas (ten coñecementos literarios e formación musical)	Intérprete das cantigas compostas polos trovadores, moitas veces acompañados dalgún instrumento musical.
Compoñen por amor á arte, por pracer...	Interpretan para vivir, para gañar o pan.



3. A lírica medieval galego-portuguesa

3.2. As cantigas, música e poesía. Autores e intérpretes


Ademais de trovadores e xograres, neste espectáculo de música e poesía podían intervir tamén as ***soldadeiras***, que eran mulleres bailarinas ou cantareiras que acompañaban aos xograres na súa interpretación.



3. A lírica medieval galego-portuguesa

3.3. Cancioneiros e pergamiños


As cantigas chegaron ata os nosos días a través de diferentes cancioneiros e pergamiños:



3. A lírica medieval galego-portuguesa

3.3. A) O Cancioneiro da Ajuda



- ❖ Foi escrito a finais do século XIII / Comezos do XIV.
- ❖ Consérvase en Lisboa, no Palacio da Ajuda
- ❖ Contén 310 cantigas de amor.
- ❖ Está sen rematar (presenta ilustracións e letras capitais sen rematar de pintar, non aparecen os nomes dos trobadores, a notación musical sen poñer, etc.)



O Cancioneiro da Ajuda

Ilustracións tamén sen rematar

Letra capital sen rematar de colorearse



Espazos para a notación musical, que non chegou a poñerse


3. A lírica medieval galego-portuguesa

3.3. B) O Cancioneiro da Biblioteca Nacional e o Cancioneiro da Vaticana


- ❖ Foron os dous copiados no século XVI en Italia (cando xa as cantigas *pasaran de moda*).
- ❖ O Cancioneiro da Biblioteca Nacional consérvase na Biblioteca Nacional de Lisboa.
- ❖ O Cancioneiro da Vaticana está depositado na Biblioteca do Vaticano.
- ❖ Ambos presentan máis de 1000 cantigas.



*Estes cancioneiros mandounos
copiar un humanista italiano
chamado Angelo Colocci*



O Cancioneiro da
Biblioteca Nacional



O Cancioneiro da
Vaticana

3. A lírica medieval galego-portuguesa

3.3. C) O Pergamiño Vindel e o Pergamiño Sharrer

Ademais dos grandes cancioneiros, tamén dispoñemos doutros manuscritos menores, entre os que destacamos:

- **O Pergamiño Vindel:** contén sete cantigas de Martin Codax, acompañadas (seis das sete) das notas musicais.
- **O Pergamiño Sharrer:** contén sete cantigas do rei Don Dinís de Portugal, tamén coa notación musical.



O nãas domar de uigo
se tuos meu amigo. E ar

ando se artem cedo.
Dadas de mar leuado.
se tuos meu amigo.
E ar do se uera cedo.
E tuos meu amigo.
o que que en sospito.
E ar do se uera cedo.
E tuos meu amigo.
que que en sospito.
E ar do se uera cedo.

O nãas domar de uigo
se tuos meu amigo. E ar

amigo. E uer made a uigo.
omig ei mandado.
ca uer meu amado.
E uer made a uigo.

C a uer meu amigo.
e uer san e uigo.
E uer made a uigo.

C a uer meu amado.
e uer san e uigo.
E uer made a uigo.

C a uer san e uigo.
e del rei amigo.
E uer made a uigo.

C a uer san e uigo.
e del rei amigo.
E uer made a uigo.

O nãas domar de uigo
se tuos meu amigo. E ar

omigo. ala uera de u.
mar salido. E uer made a uigo.
Dadas de mar leuado.
se tuos meu amigo.
E ar do se uera cedo.
E tuos meu amigo.
o que que en sospito.
E ar do se uera cedo.
E tuos meu amigo.
que que en sospito.
E ar do se uera cedo.

H a uera de uigo e o mar leuado.
e uer made a uigo.
E uer made a uigo.

H a uera de uigo e o mar leuado.
e uer made a uigo.
E uer made a uigo.

H a uera de uigo e o mar leuado.
e uer made a uigo.
E uer made a uigo.

H a uera de uigo e o mar leuado.
e uer made a uigo.
E uer made a uigo.

H a uera de uigo e o mar leuado.
e uer made a uigo.
E uer made a uigo.

H a uera de uigo e o mar leuado.
e uer made a uigo.
E uer made a uigo.

H a uera de uigo e o mar leuado.
e uer made a uigo.
E uer made a uigo.

O mui semear en uigo nãas.
e nãas qandas uigo a nãas.
E nou namorada.

E nãas qandas nãas comigo.
e nãas qandas nãas comigo.
E nou namorada.

E nãas qandas uigo a nãas.
e nãas qandas uigo a nãas.
E nou namorada.

O mui semear en uigo nãas.
e nãas qandas uigo a nãas.
E nou namorada.

E nãas qandas nãas comigo.
e nãas qandas nãas comigo.
E nou namorada.

E nãas qandas uigo a nãas.
e nãas qandas uigo a nãas.
E nou namorada.

E nãas qandas nãas comigo.
e nãas qandas nãas comigo.
E nou namorada.

E nãas qandas uigo a nãas.
e nãas qandas uigo a nãas.
E nou namorada.

E nãas qandas nãas comigo.
e nãas qandas nãas comigo.
E nou namorada.

E nãas qandas uigo a nãas.
e nãas qandas uigo a nãas.
E nou namorada.

E nãas qandas nãas comigo.
e nãas qandas nãas comigo.
E nou namorada.

E nãas qandas uigo a nãas.
e nãas qandas uigo a nãas.
E nou namorada.

B a uera de uigo e o mar leuado.
e uer made a uigo.
E uer made a uigo.

B a uera de uigo e o mar leuado.
e uer made a uigo.
E uer made a uigo.

B a uera de uigo e o mar leuado.
e uer made a uigo.
E uer made a uigo.

B a uera de uigo e o mar leuado.
e uer made a uigo.
E uer made a uigo.

B a uera de uigo e o mar leuado.
e uer made a uigo.
E uer made a uigo.

B a uera de uigo e o mar leuado.
e uer made a uigo.
E uer made a uigo.

B a uera de uigo e o mar leuado.
e uer made a uigo.
E uer made a uigo.

B a uera de uigo e o mar leuado.
e uer made a uigo.
E uer made a uigo.

B a uera de uigo e o mar leuado.
e uer made a uigo.
E uer made a uigo.

B a uera de uigo e o mar leuado.
e uer made a uigo.
E uer made a uigo.

O ndas que eu uir

O ndas que eu uir

O ndas que eu uir

O ndas que eu uir

O ndas que eu uir

O ndas que eu uir

O ndas que eu uir



Pergamiño Sharrer

3. A lírica medieval galego-portuguesa

3.4. Xéneros principais

Cantigas profanas			Cantigas relixiosas
Cantigas de amigo	Cantigas de amor	Cantigas de escarnio e maldicir	Cantigas de Santa María - Afonso X
Unha doncela expresa o seu amor polo amado (chamado <i>amigo</i>)	Un cabaleiro expresa o seu amor por unha doncela (chamada <i>senhor</i>). É sempre un amor non correspondido	Burlas e críticas contra diferentes clases sociais. Linguaxe obscena.	





Actividade:

*A que xénero pertencen as seguintes
cantigas medievais?*



Ondas do mar de Vigo,
se vistes meu amigo,

E ai Deus se *verrá* cedo!

Ondas do mar *levado*,
se vistes meu amado?

E ai Deus se *verrá* cedo!

Se vistes meu amigo,
O por que eu sospiro?

E ai Deus se *verrá* cedo!

Se vistes meu amado,
Por que hei gran coidado?

E ai Deus se *verrá* cedo!

CANTIGA 1

Autor: **Martín Códax**



1 - *Verrá* - virá

2 - *Levado* - levantado, bravo

CANTIGA 2

Autor: **Fernando Esquío**



Amor, a ti me ven[h] 'ora queixar
de *mia senhor*, que te faz enviar,
cada u dórmio, sempre m'espertar
e faz-me de gram coita sofredor.
Pois m'ela nom quer veer nem falar,
que me queres, Amor?

Este queixume te *venh'or* dizer:
que me nom queiras meu sono *tolher*
pola fremosa do bom parecer
que de matar home sempr'há sabor.
Pois m'ela *nẽum* bem quis[o] fazer,
que me queres, Amor?

- Ora: *agora*
- De mia senhor, que te faz enviar, cada u dórmio, sempre m'espertar: *da miña señora, que te envía cada vez que durmo sempre a me espertar.*
- Coita: *pena, sufrimento*
- Queixume: *queixa*
- Venh'or: *veño agora*
- Toller: *quitar*
- Nẽum: *ningún*

CANTIGA 3

Autor: **Fernando Esquío**



A um frade dizem escaralhado,
e *faz pecado* quem lho vai dizer,
ca, pois el sabe *arreitar* de foder,
cuid'eu que *gai* é, de *piss'arreitado*;
e pois emprenha estas com que *jaz*
e faze filhos e filhas *assaz*,
ante lhe dig'eu bem encaralhado.

Escaralhado nunca eu diria,
mais que traje caralho arreite,
ao que tantas molheres de leite
tem, *ca* lhe parirom três em um dia,
e outras muitas prenhas que tem;
e atal frade cuid'eu que mui bem
encaralhado per esto seria.

- Faz pecado: *fai pecado, peca*
- Ca: *xa que*
- Arreitar: *ter potencia*
- Gai: *alegre*
- Piss'arreitado: *pene potente*
- Estas con que jaz: *con que se deita*
- Assaz: *bastantes*
- Traje: *trouxo*

CANTIGA 4

Afonso X

Santa María,
Strela do día,
móstra-nos vía
pera Déus e nos guía.

Ca veer faze-los errados
que perder foran per pecados
entender de que mui culpados son;
mais per ti son perdoados
da ousadía que lles fazia
fazer folía mais que non debería.

Santa María,
Strela do día,
móstra-nos vía
pera Déus e nos guía.





4. A CANTIGA DE AMIGO

4. A cantiga de amigo

4.1. Introducción

- **Voz poética feminina**
- **Substantivo *amigo***

- As cantigas de amigo son breves composicións nas que unha **voz poética feminina** -unha doncela namorada- expresa o amor que sente polo seu **amigo** (= namorado).
- A rapaza conta na cantiga as alegrías ou os tormentos que lle produce ese amor.
- A palabra clave é ***amigo***, que case sempre aparece nestas cantigas, xeralmente nos primeiros versos.



4. A cantiga de amigo

4.2. Temática: o amor feliz ou infeliz

O tema central das cantigas de amigo é o amor. Este amor pode ser un amor feliz ou infeliz:

- **Amor feliz:** o amor da doncela polo amigo é correspondido e a voz poética expresa a súa felicidade.
- **Amor infeliz:** o amor que sente a doncela é un amor non correspondido, complicado ou prohibido. Neses casos, a voz poética manifesta tristura, enfado...



4. A cantiga de amigo

4.3. Personaxes

A cantiga de amigo está protagonizada pola **doncela** que fala e o **amigo** ao que quere. Ademais, tamén poden aparecer outras personaxes:

- **A nai da doncela**
- **As amigas e as irmás da doncela**
- **A natureza** (as ondas do mar, as flores...)

Cando aparecen estas personaxes secundarias adoitan actuar como confidentes: a doncela fala con elas para contarlle os seus sentimentos polo amigo.



4. A cantiga de amigo

4.4. Tipos

Bailadas	Barcarolas ou mariñas	Cantigas de romaría
Unha rapaza expresa a alegría que lle produce o namoro e convida as compañeiras a bailar .	Teñen o mar como escenario.	Desenvólvense nunha ermida o día dunha romaría. A doncela planea ver o seu amigo nese espazo.



Ondas do mar de Vigo,
se vistes meu amigo,

E ai Deus se *verrá* cedo!

Ondas do mar *levado*,
se vistes meu amado?

E ai Deus se *verrá* cedo!

Se vistes meu amigo,
O por que eu suspiro?

E ai Deus se *verrá* cedo!

Se vistes meu amado,
Por que hei gran coidado?

E ai Deus se *verrá* cedo!

EXEMPLO

Autor: **Martín Códax**

- Quen é a voz poética desta cantiga?
- Resume o seu contido nunha liña.
- Cal é o tema da cantiga?
- Que personaxes aparecen nesta cantiga?
- Dentro de que tipo poderíamos incluír esta cantiga?

1 - *Verrá* - virá

2 - *Levado* - levantado, bravo

4. A cantiga de amigo

4.5. Recursos formais

As cantigas de amigo compoñíanse para ser cantadas. Para facilitar a memorización das cantigas, empréganse diferentes **técnicas ou recursos repetitivos**. Entre os recursos máis habituais cómpre sinalar os seguintes:

- *Refrán*
- *Paralelismo*
- *Leixapré*



4. A cantiga de amigo

4.5. Recursos formais

Recurso	Consiste en...
Refrán	Repetir o mesmo verso ao final de cada estrofa.
Paralelismo	Repetir o mesmo verso con pequenas variantes (cámbiase unha palabra do verso por outra sinónima, al térase a orde das palabras...)
Leixaprén	Repetir... - O 2º verso da 1ª estrofa como 1º verso da 3ª estrofa. - O 2º verso da 2ª estrofa como 1º verso da 4ª estrofa. - O 2º verso da 3ª estrofa como 1º verso da 5ª estrofa. - ... E así sucesivamente, de xeito que todas as estrofas quedan enlazadas.

Ondas do mar de Vigo,
se vistes meu amigo,

E ai Deus se *verrá* cedo!

Ondas do mar *levado*,
se vistes meu amado?

E ai Deus se *verrá* cedo!

Se vistes meu amigo,
O por que eu sospiro?

E ai Deus se *verrá* cedo!

Se vistes meu amado,
Por que hei gran coidado?

E ai Deus se *verrá* cedo!

EXEMPLO

Autor: **Martín Códax**

Esta cantiga de Martín Códax
presenta refrán, paralelismo e
leixaprén

1 - *Verrá* - virá

2 - *Levado* - levantado, bravo



Ondas do mar de Vigo,
se vistes meu amigo,

E ai Deus se verrá cedo!

Ondas do mar *levado*,
se vistes meu amado?

E ai Deus se verrá cedo!

Se vistes meu amigo,
O por que eu sospiro?

E ai Deus se verrá cedo!

Se vistes meu amado,
Por que hei gran coidado?

E ai Deus se verrá cedo!

EXEMPLO

Autor: **Martín Códax**

Refrán

Repetición do mesmo verso
ao final de cada estrofa

1 - *Verrá* - virá

2 - *Levado* - levantado, bravo



Ondas do mar de Vigo,

se vistes meu amigo,

E ai Deus se *verrá* cedo!

Ondas do mar *levado*,

se vistes meu amado?

E ai Deus se *verrá* cedo!

Se vistes meu amigo,

O por que eu suspiro?

E ai Deus se *verrá* cedo!

Se vistes meu amado,

Por que hei gran coidado?

E ai Deus se *verrá* cedo!

EXEMPLO

Autor: **Martín Códax**

Paralelismo

Repetición dun verso con
lixéiras variacións

1 - *Verrá* - virá

2 - *Levado* - levantado, bravo



Ondas do mar de Vigo,

se vistes meu amigo,

E ai Deus se *verrá* cedo!

Ondas do mar *levado*,

se vistes meu amado?

E ai Deus se *verrá* cedo!

Se vistes meu amigo,

O por que eu suspiro?

E ai Deus se *verrá* cedo!

Se vistes meu amado,

Por que hei gran coidado?

E ai Deus se *verrá* cedo!

EXEMPLO

Autor: **Martín Códax**

Leixaprén

- O 2º verso da 1ª estrofa repítese como 1º verso da 3ª estrofa.
- O 2º verso da 2ª estrofa repítese como 1º verso da 4ª estrofa.
- ...

1 - *Verrá* - virá

2 - *Levado* - levantado, bravo





5. A CANTIGA DE AMOR

5. A cantiga de amor

5.1. Introducción

- **Voz poética masculina**
- **Substantivo *senhor***

- As cantigas de amor son breves composicións nas que unha **voz poética masculino** -un cabaleiro namorado- expresa o amor que sente pola súa amada, que é chamada ***senhor***. Este amor é sempre un amor non correspondido.



5. A cantiga de amor

5.2. O amor cortés

Nas cantigas de amor recreáase unha concepción medieval do sentimento amoroso que se coñece co nome de **amor cortés**.

O amor está regulado por unha serie de normas propias das **relacións de vasalaxe** da sociedade feudal. Así, seguindo os códigos do amor cortés, **o cabaleiro debe servir á súa dama do mesmo xeito que un vasalo serve ao seu señor feudal**. Noutras palabras, os códigos das relacións de vasalaxe trasládanse ás relacións amorosas.



5. A cantiga de amor

5.2. O amor cortés

Sociedade feudal

Señor

Vasalo

Na sociedade feudal, os vasalos serven ao seu señor, débennlle obediencia, dependen del...

Amor cortés

Doncela
(chamada
senhor)

Cabaleiro /
Trobador

No amor cortés das cantigas de amor, o cabaleiro / trobador serve á doncela: débelle obediencia e submisión, está ás súas ordes, depende dela...

5. A cantiga de amor


5.2. O amor cortés



5. A cantiga de amor

5.3. O sufrimento do trovador

Tendo en conta o que acabamos de sinalar sobre o amor cortés, non resulta raro que nas cantigas de amor o trovador se lamente e manifeste o seu **sufrimento** (pena, **coita**) por ese amor inalcanzable. Así, nestas cantigas, o trovador sofre, chora, cae na loucura, perde o sono e o apetito, desexa morrer...



5. A cantiga de amor

5.5. Tipos de cantigas de amor

- **Cantigas de refrán:** teñen refrán (verso que se repite ao final de cada estrofa)
- **Cantigas de mestría:** non teñen refrán. Considerábanse máis perfectas.



EXEMPLO 1

Autor: Pero de Armea

O trobador expresa o seu amor pola amada:
senhor, que vos eu quero bem.

Ao mesmo tempo, explica que non quere desvelar a identidade da dama, a pesar de que moitos pregúntanlle por ela, por quen é a *senhor* pola que el morre, pola que chora...

Muitos me vêm¹ preguntar,
senhor, que lhis diga eu quem
est a dona que quero bem;
e com pavor de vos pesar²
 nom lhis ousou dizer per rem,
 senhor, que vos eu quero bem³.

Pero punham de m'apartar,
se poderám de mi saber
por qual dona quer'eu morrer;
e eu, por vos nom assanhar⁴,
 nom lhis ousou dizer per rem,
 senhor, que vos eu quero bem.

E porque me veem⁵ chorar
d'amor, querem saber de mi
por qual dona moiro⁶ eu assi;
e eu, senhor, por vos negar,
 nom lhis ousou dizer por mi
 per rem que por vós moir'assi.

1 - *vêm* = veñen

2 - *pesar* = entristecer

3- *Non lhis ousou dizer per rem / senhor que vos eu quero bem* = Non me atrevo a dicirlle por nada / *señor* que vos quero ben.

4- *Assanhar* = enfadar

5- *veem* = ven

6 - *Moiro* = morro

A mia senhor, que eu por meu mal vi,
feze-a Deus senhor de mui bom prez¹
e mais fremosa de quantas El fez.

Per bõa fe, todo por mal de mi
a fezo Deus de muito bem senhor
e das melhores donas a melhor!

Por atal moiro² e direi-vos eu al³:
fez-lhi todo est'e fez-lhi muito bem
em a fazer dona de mui bom sem⁴
e mui mansa⁵; e todo por meu mal
a fezo Deus de muito bem senhor
e das melhores donas a melhor!

E nom mi foi Nostro Senhor mostrar
os seus olhos, de pram⁶, por bem dos meus,
mais por meu mal; e assi quis Deus!

Por me fazer maior coita levar
a fezo Deus de muito bem senhor
e das melhores donas a melhor!

EXEMPLO 2

Autor: Pero Mafaldo

O motivo principal desta cantiga é o **eloxio da senhor amada**, que se nos apresenta como a mellor das donas, chea de virtudes: Deus fíxo-a senhor de moito valor (*de mui bom prez*), a máis fermosa, sensata (*de mui bom sem*), tranquila... En definitiva, *das melhores donas a melhor*. Infelizmente, a senhor tamén fai sufrir ao trobador (*me fazer maior coita levar*).

1 - Prez = valor, mérito

2 - Moiro = morro

3 - Al = outra cousa

4 - Sem = sentido, entendemento

5 - Mansa = serena, tranquila

6 - De pram = realmente

Amor, a ti me venho ora queixar
de mia senhor, que te faz enviar,
cada u dórmio, sempre m'espertar¹
e faz-me de gram coita sofredor².
Pois me ela nom quer veer nem falar,
que me queres, Amor?

Este queixume te venho ora³ dizer:
que me nom queiras meu sono tolher⁴
pola fremosa do bom parecer
que de matar home sempr'há sabor⁴.
Pois m'ela nẽum⁵ bem quisu fazer,
que me queres, Amor?

Amor, castiga-te desto por en:
que me nom tolhas meu sono por quem
me quis matar e me teve em desdém
e de mia morte será pecador.
Pois m'ela nunca quisu fazer bem,
que me queres, Amor?

(...)

EXEMPLO 3

Autor: Fernando Esquío

Cantiga de amor na que se reflicte
perfectamente a negativa da dama: ela non
quere ver nin falar co trovador, non lle quixo
facer ningún ben, menosprézo, teno en
desdén... Trátase, polo tanto, dun amor
imposible. Isto fai sufrir ao trovador, que non
pode durmir pensando na senhor e acabará
morrendo se sigue así.

1 - *que te faz enviar, cada u dórmio, sempre m'espertar* =
que te envía cando estou durmido sempre a despertarme.

2 - *faz-me de gram coita sofredor* = faime sufridor dunha
gran coita / pena

3 - *Ora* = agora

4- *Tolher* = quitar

5- *De matar home sempr' há sabor* = gústalle matar homes

6 - *nẽum* = ningún



6. AS CANTIGAS DE ESCARNIO E MALDICIR

6. As cantigas de escarnio e maldicir

6.1. Introducción

As cantigas de escarnio e maldicir son composicións nas que os trovadores **criticaban e facían burla** de diferentes aspectos da sociedade medieval (grupos sociais concretos, vicios, costumes...)



6. As cantigas de escarnio e maldicir

6.2. A diferenza entre as cantigas de escarnio e as de maldicir

Cantigas de maldicir

- A crítica e a burla fanse de xeito directo.
- Empregan unha **linguaxe directa e explícita**, que moitas veces resulta **obscena**.

Cantigas de escarnio

- A crítica e a burla fanse de xeito encuberto.
- Empregan **palabras que podían ter un dobre sentido**.



Exemplo 1: *Cantiga de escarnio ou cantiga de maldicir?*

Autor: **Afonso Eanes do Cotón**

Mari' Mateu, ir-me quer'eu d'aquén,
porque non poss'um cono baratar;
alguen que mi o daría nono tem,
e algua que o tem non mi o quer dar.

*Mari' Mateu, Mari' Mateu,
Tan desejosa ch'es de cono com'eu!*

E foi Deus já de conos avondar
Aqui outros, que o non na mester,
e ar feze-os muito desejar
E min e ti, pero que ch'es molher.

*Mari' Mateu, Mari' Mateu,
Tan desejosa ch'es de cono com'eu!*

Paráfrase (galego actual)

María Mateu, quérome ir de aquí
porque non podo conseguir un *cono* ;
alguén que mo daría non o ten
e algunha que o ten, non mo quere dar.

*María Mateu, María Mateu
Tan desexosa está de cono coma min.*

E Deus deu conos en abundancia
mesmo a quen non o precisa
e tamén os fixo desexar
a min e a ti, pero ti es muller
María Mateu, María Mateu...

Exemplo 1: *Cantiga de escarnio ou cantiga de maldicir?*

Autor: **Afonso Eanes do Cotón**

Mari' Mateu, ir-me quer'eu d'aquén,
porque non poss'um cono baratar;
alguen que mi o daria nono tem,
e algua que o tem non mi o quer dar.

*Mari' Mateu, Mari' Mateu,
Tan desejosa ch'es de cono com'eu!*

E foi Deus já de conos avondar
Aqui outros, que o non na mester,
e ar feze-os muito desejar
E min e ti, pero que ch'es molher.

*Mari' Mateu, Mari' Mateu,
Tan desejosa ch'es de cono com'eu!*

Nesta cantiga, o trovador búrlase abertamente da soldadeira Mari' Mateu, que é criticada pola súa homosexualidade: *Mari' Mateu, tan desexosa é de cono coma eu.* **Emprega unha linguaxe directa; non hai dobres sentidos, senón que é moi explícito. É, polo tanto, unha cantiga de maldicir.**

Exemplo 2: *Cantiga de escarnio ou cantiga de maldicir?*

Autor: **Pero da Ponte**

Maria Pérez, a nossa cruzada,
quando veu da terra d'Ultramar,
assi veu de perdom carregada
que se nom podia com el merger;
mais furtam-lho, cada u vai maer,
e do perdom já nom lhi ficou nada.

E o perdom é cousa mui preçada
e que se devia muit'a guardar;
mais ela nom há **maeta** ferrada
em que o guarde, nen'a pod'haver,
ca, pois o cadead'en foi perder,
sempr'a maeta andou descadeada. (...)

Paráfrase (galego actual)

María Pérez, a nosa cruzada,
cando veu da terra de Ultramar,
veu tan cargada de perdón,
que non podía con el moverse;
pero róubanollo en cada lugar no que dorme
e do perdón xa non lle quedou nada.

E o perdón é cousa moi prezada
e que se debía gardar moito;
pero ela non ten maleta pechada
en donde gardalo, nin a pode ter,
porque perdeu o candado
e a maleta andou sempre desencadeada...

Exemplo 2: *Cantiga de escarnio ou cantiga de maldicir?*

Autor: **Pero da Ponte**

Maria Pérez, a nossa cruzada,
quando veu da terra d'Ultramar,
assi veu de perdom carregada
que se nom podia com el merger;
mais furtam-lho, cada u vai maer,
e do perdom já nom lhi ficou nada.

E o perdom é cousa mui preçada
e que se devia muit'a guardar;
mais ela nom há **maeta** ferrada
em que o guarde, nen'a pod'haver,
ca, pois o cadead'en foi perder,
sempr'a maeta andou descadeada. (...)

Faise unha crítica doutra famosa soldadeira:
María Pérez, alcumada *A Balteira*.

Aparentemente, cóntase como María Pérez foi
á Terra Santa (*a terra d'Ultramar*) e volveu de
alí coa maleta (*maeta*) cargada de perdón.

Porén, vai perdendo o perdón porque a súa
maleta non está pechada, non ten candado, e
róuballe nela pola noite.

A cantiga agocha un dobre sentido. A palabra
maeta significaba tamén 'órgano sexual
feminino'. Así pois, estamos perante unha
cantiga de escarnio: non se fai unha crítica
directa, senón que se xoga co dobre sentido
das palabras.

6. As cantigas de escarnio e maldicir

6.3. Os temas das cantigas de escarnio e maldicir

Os temas das cantigas de escarnio e maldicir son moi diversos, xa que o obxectivo era satirizar (ridiculizar, facer burla, criticar) diferentes aspectos da sociedade daquela época. Podemos establecer a seguinte clasificación xeral:

- **Sátira política**
- **Sátira social**
- **Sátira literaria**



6. As cantigas de escarnio e maldicir

6.3. A. Sátira política

- Ridiculízase a **covardia dos nobres cristiáns** na guerra contra os árabes.

Exemplo. Cantiga de Afonso X

*O que da guerra levou cavaleiros
e a sa terra foi guardar dinheiros
nom vem al maio.*

*O que da guerra se foi com maldade
e a sa terra foi comprar herdade,
nom vem al maio.*

*O que da guerra se foi com nemiga
pero nom veo quand' é preitesia,
nom vem al maio.*



6. As cantigas de escarnio e maldicir

6.3. B. Sátira social

Faise **burla de todas as clases sociais**. Algúns dos grupos sociais máis atacados foron:

- Os **infanzóns** (nobres de segunda categoría). Criticábase deles que quixesen aparentar ser ricos cando vivían na ruína.
- **Membros da Igrexa** (curas, frades, monxas...). Facían burla especialmente da súa vida luxuriosa, criticándose por non respectar o celibato e manter relacións sexuais
- **Soldadeiras**. Era unha profesión mal vista na sociedade medieval. Tamén se criticaban pola súa vida de luxuria.

6. As cantigas de escarnio e maldicir

6.3. B. Sátira social

Exemplo. Cantiga de Fernando Esquío

A vós, Dona abadessa,
de mim, Dom Fernand'Esquio,
estas doas vos envio,
porque sei que sodes essa
dona que as merecedes:
quatro caralhos franceses
e dous aa prioressa.

*A vostede, dona abadesa / de min, Don
Fernando Esquío / estes regalos vos envío /
porque sei que sodes esa / dona que os
merecedes: / catro carallos frances
(consoladores) / e dous para a prioresa*

Exemplo. Cantiga de Pero da Ponte

Quen a sesta quiser dormir,
conselha-lo he a razón:
tanto que jante, pense d'ir
á cozinha do infançon;
e tal cozinha lh'achará,
que tan fría casa non há
na hoste de quantas i son.

*Quen queira durmir a sesta / doulle un
consello: / despois de xantar que pense en
ir / á cociña do infanzón / e tal cociña
encontrará que non hai casa tan fría / de
cantas hai alí no exército.*

6. As cantigas de escarnio e maldicir

6.3. C. Sátira literaria

Entre os propios trobadores e xograres tamén se facían burla. Así, hai cantigas de escarnio e maldicir nas que os trobadores atacan a obra doutros colegas de profesión. Exemplo:

*- Lourenço jogar, hás mui gram sabor
de citolares, ar queres cantar,
des i ar filhas-te log'a trobar
e teens-t'ora já por trobador;
e por tod'esto ãa rem ti direi:
Deus me confonda, se hoj'eu i sei
destes mesteres qual fazes melhor!*

*- Joam Garcia, sã sabedor
de meus mesteres sempre deantar,
e vós andades por mi os desloar;
pero nom sodes tam desloador
que, com verdade, possades dizer
que meus mesteres nom sei bem fazer;
mais vós nom sodes i conhocedor.*

Cantiga dialogada entre o trobador Joam Garcia de Guilhade e o xogar Lourenço. O trobador acusa ao xogar de non saber trobar e o xogar deféndese da crítica.

6. As cantigas de escarnio e maldicir

6.3. Os temas das cantigas de escarnio e maldicir - ESQUEMA

Sátiras políticas

- Crítica da covardía dos nobres cristiáns que non querían loitar na guerras contra os musulmáns.

Sátiras sociais

- Crítica de diferentes grupos sociais. Os máis atacados son: os infanzóns, o clero e as soldadeiras.

Sátiras literarias

- Crítica e burla do traballo doutros trobadores e xogares.



7. AS CANTIGAS DE SANTA MARÍA

7. As cantigas de Santa María

7.1. Introducción


As Cantigas de Santa María son un conxunto de 427 cantigas que tiñan como obxectivo **loar** (eloxiar) á **Virxe María**.



7. As cantigas de Santa María

7.2. Autoría

- As cantigas de Santa María son un **traballo colectivo**, é dicir, foron compostas por un conxunto de trobadores.
- Este traballo colectivo foi supervisado / coordinado polo rei **Afonso X o Sabio**.
- O propio rei Afonso X, ademais de supervisar, tamén escribiu algunhas das cantigas.



7. As cantigas de Santa María

7.3. Tipos de cantigas de Santa María

Cantigas de loor

- Composicións de **loanza da Virxe**
- Empregan os tópicos das *cantigas de amor*. Porén, nas Cantigas de Santa María, a *senhor* é a propia virxe (en vez dunha dama inalcanzable).



Cantigas narrativas

- Relatan **milagres da Virxe**. (p.ex. *A Virxe axuda a unha persoa, a Virxe aparéceselle a alguén, a Virxe castiga a un pecador...*)
- Teñen unha intención didáctica (aprender co exemplo).



7. As cantigas de Santa María

7.3. Tipos de cantigas de Santa María

Cantiga de loor

Rosa das rosas e Flor das flores,
Dona das donas, Senhor das senhores.

Rosa de beldad' e de parecer
e flor d'alegria e de prazer,
Dona en mui piadosa seer,
Senhor en tolher coitas e doores.

Rosa das rosas e Flor das flores,
Dona das donas, Senhor das senhores.

Atal Senhor dev' home muit' amar,
que de todo mal o pode guardar;
e pode-lh' os pecados perdõar,
que faz no mundo per maos sabores.

Cantiga narrativa

Quen Santa Maria quiser deffender,
non lle pod' o demo niún mal fazer.

E dest' un miragre vos quero contar
de como Santa Maria quis guardar
un seu pintor que punnava de pintar
ela muy fremos' a todo seu poder.

E ao demo mais feo d' outra ren
pintava el sempr'; e o demo poren
lle disse: «Por que me tes en desden,
ou por que me fazes tan mal parecer
Quen Santa Maria quiser defender...

A quantos me veen?» E el diss' enton:
«Esto que ch' eu faço é con gran razon,
ca tu sempre mal fazes, e do ben non
te queres per nulla ren entrameter.» (...)

Ondas do mar leuado.
se uides meu amigo. e ar
se uides meu amigo. e ar

as se uera cedo.
Ondas do mar leuado.
se uides meu amigo.
e ar do se uera cedo.
se uides meu amigo.
e ar do se uera cedo.
se uides meu amigo.
e ar do se uera cedo.

Ondas do mar leuado.
se uides meu amigo. e ar

amigo. e uer made a uigo.
omig ei mandado.
ca uen meu amado.
e uer made a uigo.
ca uen meu amigo.
e uen san e uido.
e uer made a uigo.
ca uen meu amado.
e uen uir e uido.
e uer made a uigo.
ca uen san e uido.
e del rei amigo.
e uer made a uigo.

Oa uen uir e uido.
e del rei amigo.
e uer made a uigo.

Oa uen uir e uido.
e del rei amigo.
e uer made a uigo.

Oa uen uir e uido.
e del rei amigo.
e uer made a uigo.

Al uen uir e uido.
e del rei amigo.
e uer made a uigo.

Al uen uir e uido.
e del rei amigo.
e uer made a uigo.

Al uen uir e uido.
e del rei amigo.
e uer made a uigo.

Al uen uir e uido.
e del rei amigo.
e uer made a uigo.

Oa uen uir e uido.
e del rei amigo.
e uer made a uigo.

Omeu leuado en uigo manto.
e nulas gandas uigo n uigo.
e uen namorada.

Enulas gandas n uigo comigo.
ergas meo ollos q chora uigo.
e uen namorada.

Enulas gandas uigo n uigo.
ergas meo ollos q chora ambos.
e uen namorada.

Omeu leuado en uigo manto.
e nulas gandas uigo n uigo.
e uen namorada.

Omeu leuado en uigo manto.
e nulas gandas uigo n uigo.
e uen namorada.

Omeu leuado en uigo manto.
e nulas gandas uigo n uigo.
e uen namorada.

Omeu leuado en uigo manto.
e nulas gandas uigo n uigo.
e uen namorada.

Omeu leuado en uigo manto.
e nulas gandas uigo n uigo.
e uen namorada.

Omeu leuado en uigo manto.
e nulas gandas uigo n uigo.
e uen namorada.

Omeu leuado en uigo manto.
e nulas gandas uigo n uigo.
e uen namorada.

Omeu leuado en uigo manto.
e nulas gandas uigo n uigo.
e uen namorada.

Omeu leuado en uigo manto.
e nulas gandas uigo n uigo.
e uen namorada.

En uigo no sagrado.
leylana corpo delgado. amor ei.

Beylana corpo delgado
q nunc ouier amado. amor ei.

Beylana corpo delgado.
q nunc ouier amado. amor ei.

Que nunc ouier amado.
ergas no sagrado en uigo. amor ei.

Que nunc ouier amado.
ergas en uigo no sagrado. amor ei.

Que nunc ouier amado.
ergas en uigo no sagrado. amor ei.

Que nunc ouier amado.
ergas en uigo no sagrado. amor ei.

Que nunc ouier amado.
ergas en uigo no sagrado. amor ei.

Que nunc ouier amado.
ergas en uigo no sagrado. amor ei.

Que nunc ouier amado.
ergas en uigo no sagrado. amor ei.

Que nunc ouier amado.
ergas en uigo no sagrado. amor ei.

Que nunc ouier amado.
ergas en uigo no sagrado. amor ei.

Que nunc ouier amado.
ergas en uigo no sagrado. amor ei.

Que nunc ouier amado.
ergas en uigo no sagrado. amor ei.